



Obxecto:	Informe sobre modificación de determinados tramos viarios
Proxecto:	Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación
Concellos:	Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense)
Promotor	Eólica Galenova S.L.U
Remitido:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN661A DXIEM-02/11
Expediente:	03.I.433.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 22.07.2022 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da documentación presentada polo promotor: *Informe sobre modificacións de determinados tramos viarios. Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, julio 2022.*

Esta documentación é a resposta as consideracións e modificacións, nalgúns tramos dos viarios, solicitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DGPN).

ANTECEDENTES E FEITOS

O 25.11.2021, a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Estudio de impacto ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, en el término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Octubre 2020 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Paraño Oeste, término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Julio 2021* coas medidas correctoras establecidas no Anexo 7 do EsIA, coas seguintes consideracións e consideracións:

- desprazar os viarios de nova creación fóra das áreas de protección de xacementos arqueolóxicos,
- as gabias de cableado que descorren por áreas de protección (seguindo o trazado de viarios existentes), deberán realizarse pola marxe mais afastado do xacemento e,
- os movementos de terras nas áreas de protección de xacementos arqueolóxicos realizaranse baixo control arqueolóxico presencial e continuo.

O 22.12.2021 en entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da documentación presentada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 25.11.2021. A documentación contiña o *Informe Estudio de Impacto Ambiental y sectorial DXPC. Parque eólico Paraño Oeste y Conexión de evacuación. Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) (Diciembre 2021)*, documento no que a empresa promotora mostra a súa conformidade co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e manifesta a imposibilidade técnica de executar algunhas das condicións establecidas no referido informe, para as que propoñen medidas compensatorias.

O 24.03.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa de xeito favorable a documentación referida (cos condicionantes xa establecidos), e con novas medidas correctoras:

- realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas nas áreas de protección dos xacementos (GA36018057) Campo da Mámoa 1, (GA36018090) Campo da Mámoa 3 e (GA36018089) Campo da Mámoa 2, e na Neveira (GA3601858), en toda a superficie onde executen movementos de terras;
- necesidade de verificar a natureza arqueolóxica do Posible túmulo de A Costoia (RE36018008);
- o acondicionamento do vieiro de acceso ás máquinas PÑW-9 e PÑW-10, e a gabia de cableado que discorren polo contorno de protección da Mámoa da Portela de Alvite (GA32011017), realizaranse baixo control arqueolóxico intensivo e presencial, ademais a gabia executarase pola marxe mais afastada do xacemento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)





- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm 126 do 04.07.2022)

Análise documento:

- A documentación agora achegada contén o *Informe sobre modificación determinados tramos viarios. Parque eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, julio 2022*, redactado como contestación a un requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DGPN), onde se detallan cambios en tres tramos dos viarios.
- Nas modificacións dos viarios de acceso aos aeroxeradores, tivéronse en conta as consideracións dos órganos sectoriais consultados, en especial a no afección ao Patrimonio Cultural (sobre todo aos xacementos arqueolóxicos existentes na zona), mantendo as condicións establecidas nos informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Os cambios realizados, en tres tramos dos viarios, non afectan a elementos do Patrimonio Cultural.

INFORME

A vista do anteriormente exposto, infórmase favorablemente as modificacións de viarios propostas, mantendo os condicionantes e medidas correctoras recollidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 24.03.2022.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

